


*** Partindo de polígonos regulares debuxa coa escuadra, o cartabón e o compás polígonos estrelados diferentes. Combínaos debuxando tamén tipos distintos de triángulos e constrúe con todo iso un móbil.**

b)

Fai o exercicio empregando cartulinas de cores diferentes para que o resultado sexa máis vistoso. Se podes pega as figuras planas sobre cartón pluma ou corcho branco. Cando fagas este exercicio ponte dacordo con algún dos teus compañeiros para colaborar no traballo. Podedes facer tres ou catro figuras por persoa e decidir entre todos como será o tipo de móbil que vades facer.



63

** Construír un móbil require paciencia e precisión. Procurar tres ou catro varillas metálicas ou de madeira, pero moi finas, lixeiras e algo flexíbles. Furar cada figura xeométrica segundo a posición que se queira ocupar e atala ás varillas con fio de sedal para pescar.*

Cómpre que os brazos do móbil poidan xirar sen tropezar uns con outros e ten en conta que, canto máis complicado sexa o equilibrio, máis interesante será o resultado.

MATERIAIS

- * Cartulinas fortes de varias cores
- * Corcho branco ou cartón pluma
- * Compás, escuadra, cartabón e regra
- * Coitela, tesoiras e sedal
- * Pegamento en tubo ou en barra
- * Varillas de metal ou madeira e cinta illan

